



CONCURSO DE CARTEIS “XXX FESTIVAL DE BANDAS DE MÚSICA DE GALICIA”

O Concello de Vila de Cruces convoca o XXX Concurso de Carteis “XXX Festival de Bandas de Música de Galicia (Vila de Cruces)”.

BASES:

1ª- Poderá optar ó premio o alumnado dos centros educativos de Vila de Cruces. Os carteis deberán ser elaborados integramente polos participantes, deberán ser realizados manualmente e non se admitirán deseños feitos por ordenador.

2ª- Tema: XXX Festival de Bandas de Música de Galicia (Vila de Cruces).

Técnica: libre.

Tamaño: imprescindible tamaño cartulina ou A3 orientada como amosa o debuxo:

3ª- Os carteis entregaranse nos centros educativos u no Concello de Vila de Cruces ata o día **5 de abril de 2024**.

4ª- Os carteis presentados deberán ir asinados co nome do autor, figurando na parte de atrás o nome completo do autor, idade, enderezo, número de teléfono de contacto.

5ª- Os premios serán os seguintes:

1º premio cartel gañador: 99 euros

3 accésits de 70 euros cada un ao mellor de cada centro educativo.

Crédito existente na aplicación orzamentaria: 338.48.

6ª- Os carteis premiados quedarán no poder do Concello de Vila de Cruces e pasarán a formar parte do patrimonio do mesmo, podendo reproducilos e difundilos con enteira liberdade. O cartel gañador será o que se empregue para realizar a publicidade do Festival.

Imponse aos participantes a cesión gratuita dos dereitos de explotación nos termos previstos no artigo 48 e seguintes do Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, reservándose o Concello de Vila de Cruces o dereito a utilizar os traballos premiados en futuras edicións ou actividades con fins promocionais.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





7ª- Os premios decidiranse por un xurado composto por: 2 persoas integrantes de entidades culturais do Concello, 2 membros da Corporación Municipal, 1 persoa traballadora municipal que efectuará as funcións de secretaría.

O xurado valorará a creatividade, a orixinalidade, a facilidade de indentificar o cartel co Festival de Bandas e a calidade artística, tendo en conta a idade dos participantes.

8ª- A decisión do xurado será inapelable e os concursantes polo feito de concursar aceptarán integramente as presentes bases.

O xurado poderá declarar deserto un ou máis premios no caso de considerar que ningún dos traballos presentados reúnan os méritos suficientes para ser premiados.

A decisión do xurado será publicada no taboleiro de edictos do concello.

O xurado elevará ao órgano municipal competente a proposta de premios que corresponda otorgar.

O prazo de resolución e notificación será de 1 mes contado a partir do remate do prazo de presentación de solicitudes.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión do premio poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

A resolución recaída neste procedemento pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á notificación da resolución ante o mesmo órgano que a dictou ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución.

9ª.- O pagamento dos premios realizarase unha vez que os premiados presenten no rexistro do Concello, no prazo de 10 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da concesión do premio, a seguinte documentación:

- Solicitud de pagamento do premio
- Certificación do número de conta bancaria.

No caso de que o premiado sexa menor de idade o premio será pagado ao pai/nai ou titor para o cal deberán presentar ademáis a seguinte documentación:

- DNI do pai/nai ou titor
- Libro de familia ou documento que acredite o nomeamento de titor.

Durante a celebración do Festival de Bandas, na Praza Juan Carlos I de Vila de Cruces, farase entrega aos premiados dun diploma acreditativo.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





10ª- A convocatoria e as súas bases publicaranse no taboleiro de edictos do Concello sen perxuízo da publicidade que se realice nos centros educativos.

Publicarase extracto da convocatoria no BOP da provincia de Pontevedra a través da Bases de Datos Nacional de Subvencións.

11ª.- De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigaición legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico info@viladecruces.es

Infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es).

Asdo. O alcalde

Luis Celso Taboada Sánchez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492

